



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Dende a [Axencia Galega de Innovación \(GAIN\)](#) continuamos informando da actualidade do novo Programa de Investigación e Innovación da UE, [Horizon 2020](#).

Horizon 2020 integra por primeira vez todas as fases da cadea de innovación, dende a xeración do coñecemento ata as actividades máis próximas ao mercado, a través de 3 piares: [Ciencia Excelente](#), [Liderado Industrial e Retos Sociais](#).

O pilar [liderado industrial](#), cun orzamento de 17.016 millóns de euros, ten como finalidade acelerar o desenvolvemento das tecnoloxías e innovacións que sirvan de base para as empresas do futuro, e axudar ás PEMES innovadoras europeas a converterse en empresas líderes no mundo.

Consta de 3 obxectivos específicos:

1. [Liderado en tecnoloxías industriais e de capacitación](#), (13.557 M€) prestará un apoio específico á investigación e o desenvolvemento, así como á estandarización e a certificación nos ámbitos das TICs, nanotecnoloxía, materiais avanzados, biotecnoloxía, fabricación e transformación avanzadas e o espazo. Farase fincapé na interacción e converxencia das diferentes tecnoloxías e as súas relacións cos retos sociais.
2. [Acceso a financiamento de risco](#) (2.842 M€) ten por obxectivo axudar a corraxir as deficiencias do mercado no acceso ao financiamento de risco para a investigación e a innovación. Apoiará o desenvolvemento do capital-risco a nivel da UE xunto co [Programa de Competitividade das Empresas e as PEMES \(COSME\)](#).
3. [Innovación nas PEMES](#) (616 M€) proporcionará un apoio á medida das PEMES co fin de fomentar todas as formas de innovación, centrándose nas que teñan potencial para medrar e internacionalizarse no mercado único e fóra del.

Horizon 2020 adoptará un enfoque integrado con respecto á participación das PEMES, tendo en conta o seu coñecemento e necesidades de transferencia de tecnoloxía ([Factsheet CDTI - SMEs H2020](#)). Dada a importancia das PEMEs, alcanzouse o compromiso de adicarlles polo menos un 20% dos orzamentos dos Retos Sociais e de Liderado en Tecnoloxías Industriais e de Capacitación. A CE organizou dous Infodays en Bruxelas sobre este tema. As [presentacións](#) xa están dispoñibles na Web.

Esperamos que esta información vos resulte de interese.

¡Ata o próximo xoves!